

REGULAMENTO II TRAIL SUBIDA PICO MURALLA – CONCELLO DE RIANXO

Artigo 1.

A Asociación Barbantia Roda e o Concello de Rianxo organizan a segunda edición do **TRAIL SUBIDA PICO MURALLA – CONCELLO DE RIANXO**, coa finalidade de promover esta modalidade deportiva e fomentar hábitos vida saudables. A proba non é federada.

Artigo 2.

A proba celebrarase o 23 de xullo, domingo, sendo a saída da categoría absoluta ás 10:30 h. A distancia é de 15 km. cun desnivel acumulado de 671 m.

Artigo 3. Sedes e Programa

Sede 1.

Pavillón polideportivo de Rianxo

- **9 h.** Entrega de dorsais e servizo de gardarroupa.
- **10:30 h.** Saída da proba (Setefogas – Paseo Marítimo)
- **Fin da proba (14 h. aprox):**

Vestuarios, duchas, avituallamento final e entrega de trofeos

Sede 2.

Lugar de A Ermida (O Araño)

- Avituallamento intermedio.

Sede 3.

Alto do Pico Muralla (O Araño)

- Chegada e traslado á sede 1 ao remate da proba, servizo gratuito de autobús.

Artigo 4. Participación e categorías

Poderán participar todos aqueles corredores/as que así o desexen e para poder optar a algún dos premios, será condición indispensable ter rematado a carreira.

As categorías serán as seguintes:

- Sénior masc. e fem. 1997 – 1977.
- Veteranos/as 1976 – 1968.
- Veteranos/as 1967 e anteriores.

Artigo 5. Inscricións

Prazo:

Ata o xoves 20 de xullo de 2017 ás 24 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

emesports.es

Prezo:

6 € en tódalas categorías

Límite prazos: Non se establece límite de prazos.

Artigo 6. Clasificación e trofeos

As reclamacións ós resultados oficiais da carreira, deberán formularse verbalmente á Organización, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor para cada caso. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

Serán motivo de descualificación:

- Correr co dorsal doutra persoa.
- Non estar inscrito na proba e participar na mesma.
- Realizar a inscrición alterando os datos
- Non atender as indicacións da organización.
- Manifestarse con conduta antideportiva e/ou contra o medio.

Recibirán **trofeo** :

1. Os tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina.
2. O primeiro e primeira corredor/a local.
3. O corredor e corredora mais veteranos.

Artigo 7. Servizos

Servizo de gardarroupa

Pavillón polideportivo Municipal de Rianxo

Vestuarios e Duchas

Pavillón polideportivo Municipal de Rianxo

Publicación Resultados

emesports.es

Servizo gratuíto de autobús

Desde o Pico Muralla ao pavillón de Rianxo.

Artigo 8. Información

- emesports.es
- concelloderianxo.gal
- facebook do servizo de deportes do Concello de Rianxo

Mais información ou calquera dúbida relacionada coa organización da proba poderán chamar aos teléfonos **629869217 e 661247136**.

Artigo 9. Outras consideracións

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes cas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

Os/as participantes que durante o transcurso da carreira/andaina, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización/monitores para a carreira ou andaina, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

Toda persoa que corra/ande sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

Poderanse efectuar reclamacións ante a organización. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

O únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización, non estando permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

Descualificacións:

- A organización do evento está facultada para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico por indicación do servizo médico.
- Todo participante que non realice o percorrido completo.
- O participante que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.